

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE CURTAMETRAXES “UN IDIOMA DE CINE”

1. PARTICIPANTES

No concurso de curtas “Un idioma de cine” poderán participar mozos e mozas de ata 30 anos de idade residentes nalgún dos 313 concellos galegos.

2. REQUISITOS DAS CURTAMETRAXES A CONCURSO

a) As curtametraxes presentadas poderán estar gravadas con calquera dispositivo de gravación: cámara de teléfono móbil, cámara fotográfica dixital, cámara de acción, tableta, videocámara, etc. podendo logo editarse con ferramentas externas. Cada participante poderá presentar unha única curtametraxe.

b) As curtas deberán ser orixinais e inéditas. Cada curtametraxe presentado a concurso deberá ter título e pseudónimo, tanto no inicio como nos créditos.

c) Deberán ter unha duración máxima de entre 5 e 10 minutos, incluídos os títulos de crédito se os houber, e gravados na máxima resolución e calidade posibles. Os formatos de arquivo poderán ser: MOV, MPEG4, AVI, WMV. E deberán exportarse sempre a 1080.

d) A temática debe estar relacionada co outono e poderán presentarse traballos tanto de acción como de animación.

3. INSCRICIÓN

a) O prazo de inscrición comezará ao día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e rematará o 10 de decembro de 2024.

b) A inscrición efectuarase a través do rexistro do Concello de Caldas de Reis, preferentemente a través da sede electrónica.

c) Unha vez feita a inscrición cos datos e a curtametraxe preparada será responsabilidade do concursante facerlla chegar ao departamento de Cultura e Xuventude do Concello de Caldas de Reis dentro do prazo de inscrición.

A organización recomenda aos e ás participantes non deixar a inscrición para o último momento, debido aos colapsos que se puidesen producir ao coincidir un alto número de inscricións nos últimos días de prazo.

4. XURADO E PREMIOS

a) O xurado estará composto por tres membros con voz e voto. Exercerá a presidencia o concelleiro de Cultura, ou en quen este delegue, e dúas persoas con coñecementos técnicos sobre o mundo do audiovisual actuarán como vogais. Exercerá a secretaría, con voz pero sen voto, un técnico do departamento de Cultura e Xuventude do Concello de Caldas de Reis.

b) Os premios serán os seguintes:

-Primeiro Premio outorgado polo xurado de 700€

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

-Segundo Premio outorgado polo xurado de 500€

-Terceiro Premio outorgado polo xurado de 300€

-Premio outorgado polo público á curta máis votada de 500€

c) Os premios poderán quedar desertos se así o decide o xurado. O fallo do xurado será inapelable.

O gasto derivado desta convocatoria finánciase con cargo á aplicación orzamentaria 334 48100

5. CRITERIOS DE VALORACION

Será valorada a orixinalidade e a calidade dos curtametraxes.

6. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

a) Todas as obras recibidas que se axusten ás bases desta convocatoria e cumpran uns requisitos mínimos de calidade e condicións técnicas pasarán á fase de concurso. O xurado visionará todas as curtametraxes admitidas a concurso e emitirá o seu fallo, adxudicando os premios establecidos.

b) As Concellerías de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Caldas de Reis organizarán unha exhibición das curtas presentadas a concurso. O día da exhibición será publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Caldas de Reis, e será difundido nas redes sociais de @encaldasme.

c) Ao remate da exhibición das curtas o público emitirá o seu veredicto depositando o seu voto nunha urna disposta a tal fin. Tras o recuento, procederase á entrega dos diferentes premios para o cal será requirida a presenza dos participantes.

d) O fallo do xurado anunciarase tras o recuento de votos no día da exhibición e tamén se publicará no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Caldas de Reis.

e) Os traballos premiados serán difundidos nas redes sociais de @encaldasme e do Concello de Caldas de Reis.

7. CUESTIÓNS XERAIS

a) En ningún caso se aceptarán curtas que non respecten os dereitos humanos, os valores democráticos, ou que teñan contidos ofensivos e /ou irrespectuosos cara a persoas ou colectivos.

b) Os e as participantes responsabilízanse de que non existan dereitos a terceiros polo uso de pezas musicais nas obras presentadas, nin reclamación algunha por dereitos de imaxe das persoas que nelas aparezan así como de que as curtas presentadas non estean sometidas a reclamación legal algunha e se atopen dentro do establecido pola lei de propiedade intelectual, eximindo á organización de calquera tipo de responsabilidade.

c) Os autores e as autoras das obras ceden ao Concello de Caldas de Reis os dereitos de explotación destas, consistentes na reprodución e exhibición das mesmas, dentro do marco legal deste concurso, en calquera das súas edicións, así como para fins de publicidade ou promoción do mesmo, os cales se exercerán sempre co recoñecemento da súa autoría, excepto manifestación en contra.

d) A participación neste concurso supón a aceptación plena das súas bases.